

Día internacional contra a violencia de xénero

25 de novembro 2008:

Día internacional contra a violencia de xénero



Eu respecto

Ti respectas?

El respecta?

Nós respectamos...

Vós respectades?

Eles respectan?



Eu respecto

Ti respectas?

El respecta?

Nós respectamos...

Vós respectades?

Eles respectan?



Secretaría Confederal da Muller
Alfonso Molina s/n, 8ª planta (Edificio sindical)
15008 A Coruña
Teléfono: 981 900 633. Fax: 981 151 539
Correos electrónicos:
muller@galizacig.net
tecnica.igualdade@galizacig.net

**Loitando polo respecto
entre homes e mulleres**



cig-200810

Loitando polo respecto entre homes e mulleres

DESDE a Secretaría da Muller da Confederación Intersindical Galega reiteramos o noso compromiso na busca de solucións para erradicar esta lacra social, contribuíndo á conscienciación e sensibilización necesarias que axudarán a dar a resposta social e institucional que este problema merece. Mentres continúe a violencia contra as mulleres, non poderemos falar de igualdade entre homes e mulleres.

Non sempre é doado recoñecer a violencia de xénero no noso contexto sociocultural, xa que frecuentemente está invisibilizada, naturalizada ou lexitimada. Ás veces, inténtase explicar como produto duns tolos ou psicópatas, ou como consecuencia de factores externos (alcol, ciúmes, drogas, impotencia ante unha situación conflitiva na parella, etc). Na nosa sociedade aínda están latentes unha serie de prexuízos en torno á violencia machista que condenan de antemán ás mulleres e xustifican aos homes, xerando e perpetuando a tolerancia social ante actitudes violentas.

Desde a educación podemos e debemos contribuír a ese cambio de mentalidades e actitudes. A **coeducación** é unha ferramenta imprescindible e necesaria para desenvolver todas as capacidades das persoas, xa sexan homes ou mulleres, e acadar unhas relacións de igualdade real e plena na sociedade. Máis esta tarefa non só debe levarse a cabo nos centros de ensino. A nosa central sindical debe incluír en todas as súas **accións formativas** módulos onde se traten contidos e ideas claves para poder situar e atender no traballo unha situación de violencia desde unha perspectiva de xénero, e comprométese a garantir no ámbito da **negociación**, a difusión e mellora dos dereitos laborais, sociais e económicos que recolle a lexislación nesta materia.

25
de novembro

Loitando polo respecto entre homes e mulleres

25 de novembro: Día Internacional contra a violencia de xénero

Anosa central sindical non pode quedar impasíbel ante a violencia que sofren as mulleres traballadoras e as repercusións que esta situación supón na súa saúde e na súa actividade laboral. As mulleres traballadoras teñen que se ausentar moitas veces do seu posto de traballo para recibir atención médica, psicolóxica ou xudicial, en moitos casos teñen que suspender temporalmente a súa relación laboral, ou, mesmo, optar a un traslado de posto de traballo cando a situación as obriga a mudar de domicilio.

Por todos estes motivos:

- Q*** Pulamos por un marco social, laboral e económico que protexa as vítimas de violencia de xénero.
- Q*** Proponemos medidas concretas no ámbito da negociación colectiva, coa intención de protexer e amparar as vítimas de violencia nos seus postos de traballo
- Q*** Traballamos pola coeducación como unha ferramenta global e valiosa que dá resposta a este problema, porque parte de que o sistema escolar non é neutro, senón que reproduce o sexismo e androcentrismo da nosa sociedade. E por iso o cuestiona; porque visibiliza e valora a contribución das mulleres na historia e na cultura, porque revisa a linguaxe, que pretendidamente nomea ao xénero humano con termos masculinos; porque promove o desenvolvemento integral das persoas, sen estereotipos nin roles que nos empobrecen e limitan.
- Q*** Asumimos o noso compromiso e responsabilidade social de traballar conxuntamente cos poderes públicos e coas distintas organizacións e movementos sociais, na visibilización e eliminación da violencia contra as mulleres, un problema social vinculado as desvantaxes estruturais e á discriminación que sofren as mulleres nas sociedades de todo o mundo.
- Q*** Comprometémonos a desenvolver, dentro do ámbito sindical, accións formativas, divulgativas, e de sensibilización sobre os distintos tipos de violencia, para mellorar a atención ás traballadoras vítimas de violencia de xénero.
- Q*** Facemos un chamamento aos traballadores e ás traballadoras para que non permanezan impasíbeis antes este delito, un atentado contra o respecto, a liberdade e a dignidade das mulleres.